

UNHA LABRA HERÁLDICA MEDIEVAL EN SAN MARTIÑO DE LALÍN

César Gómez Buxán



A casa da Meiriña, próxima á igrexa, indícase cunha frecha

O estudio da historia non está baseado unicamente en grandes descubrimentos ou en fondas reflexións. Tamén os pequenos detalles contribúen en moitas ocasións a ir debullando pouco a pouco os tempos pasados.

Motivo desta pequena comunicación é dar a coñecer outra testemuña heráldica das moitas existentes nestas terras de Deza, coa peculiaridade

dade de ser unha das escasas mostras de armerías medievais que aínda se conservan no concello de Lalín¹.

I. UBICACIÓN

No núcleo de Lalín de Arriba, antigamente centro da freguesía homónima de San Martiño, e a carón da antiga igrexa parroquial consérvase unha edificación de boas dimensións, na actualidade moi reformada como adaptación a un emprego comercial. Esta casa, coñecida de antigo como “da Meiriña”, atesoura na súa fachada unha pequena labra heráldica curiosa tanto pola súa antigüidade como polas armas que porta, singulares na terra de Deza.



Fachada principal antes da restauración (aproximadamente 1990)

II. DESCRIPCIÓN

A pedra armeira, de pequeno tamaño, está colocada invertida. A súa feitura é medieval, posiblemente do século XV. No seu campo os xaque-

¹ Dada a coñecer incluída noutro artigo publicado por este mesmo autor en *La Voz de Galicia*, ed. Deza-Tabeirós, do 20 de agosto de 2000, páx. 8, titulado “La Torre, un símbolo perdido”.



Parte posterior da edificación

les con faixas dos Ulloa. Labrada en pedra de cantería, o seu desgaste semella debido máis a una agresiva limpeza que ó paso dos séculos.

Tentaremos establecer unha hipótese sobre a súa orixe, quedando pendente unha constatación documental que a ratifique ou a desbote.

III. COMENTARIO

Un primeiro estudio desta pedra armeira pasa, de xeito inescusable, por unha reflexión sobre as armas que porta, as dos Ulloa, unha liñaxe de fonda raizame, pero escasamente representada na terra de Deza entre os propietarios de pazos e casas grandes², e xa en época moderna, polo que é difícil que poida pertencer tanto á casa na que se atopa como a outras casas fidalgas que coñezamos nos arredores. Cremos, desde logo, que a peza non é orixinaria da construción, senón que foi engadida en época relativamente moderna.

² Nesta zona só na descendencia do pazo de Filgueiroa, en Donramiro, se conservou o apelido Ulloa, e as súas armas aínda campan na súa fachada.



Labra heráldica dos Ulloa

Non podemos esquecer, nembargante, un feito fundamental sobre a historia de Deza: a súa dependencia medieval da casa dos Ulloa, herdeiros da liñaxe dos Suárez de Deza. A eles lles pertencía unha antiga construción, a baixomedieval fortaleza de Lalín, cabeza da xurisdición de Deza, desaparecida a mediados do século XIX por un progreso mal entendido que pretendía rachar con todo o antigo, así como polas manobras políticas dos caciques locais.

Coa destrución da torre e fortaleza de Lalín desaparece unha parte importante do patrimonio dezaeo aínda sen estudar e da que sería interesante tentar recuperar a súa historia³.

³ Para afondar lixeiramente na súa historia e arquitectura, pódense consultar dúas interesantes obras. Unha delas, na que se pode atopar unha descrición da fortaleza, aínda que non sabemos se é totalmente verídica: Francisco VILARIÑO, *Reseña histórica del Condado de Deza*. Edición de Armando Vázquez. Madrid, 1997. Tamén algunha información se pode atopar na extensa colección documental de outro volume: José GARCÍA ORO e María de los Ángeles NOVOA GÓMEZ, *La Tierra de Deza en la Edad Media y en el Renacimiento: del anonimato al pleito. Estudio histórico y colección diplomática*. Lalín, Seminario de Estudios de Deza, 2000.

Posiblemente, e só é unha hipótese, o edificio fose construído no século XV. Non coñecemos ningún documento anterior á segunda metade desa centuria que nomee a Torre de Lalín. Deixando outra documentación anterior, no 1433 o arcebispo Lope de Mendoza fixo feudo a Lope Sánchez de Ulloa da terra de Deza, na que estaba incluída a parroquia de Lalín, pero no que non se nomea a Torre e Fortale-



Porta posterior coa data da construción (1847)

za. Os anteriores señores da terra, os Suárez de Deza⁴, tiñan o centro do seu poder na fortaleza de Benquerencia, nos antigos límites da parroquia silledense de Graba⁵. Tamén é curioso o feito de que, mentres o resto destas construción defensivas dos arredores foron atacadas e parcialmente destruídas polos Irmandiños, aló polo 1467⁶, a de Lalín nin

⁴ Por exemplo Alonso Suárez de Deza, que aló polo 1402 nomease señor de Deza e meiriño de Benquerencia.

⁵ A fortaleza de Benquerencia era a máis importante da antiga terra de Deza, que abranguí tamén parte de Trasdeza. Ergueita en Graba, estaba en ruínas xa a mediados do século XVI, e tamén era coñecida como castelo de Férveda, hoxe pertencente a Escuadro, e do que aínda se conservan restos.

⁶ Lembremos entre elas Vilaboa, por terras de Cristimil, Benquerencia, Cira, Borraxeiros, Rodeiro, ...

se cita entre as danadas, derivando posiblemente este feito do pouco tempo que había que se erguera⁷.

Vilariño no seu texto inclúe unha descrición do edificio e dos anexos e nela afirma que semella curioso que “en el conjunto del edificio reseñado no se hallase ni una inscripción ni señal alguna de blasón que dé luz de su origen”. Aínda que non é habitual a ausencia de simboloxía heráldica como testemuña honrosa dos seus posuidores, quizais nos edificios anexos si existise algunha pedra armeira, pois a estancia de don Sancho Sánchez de Ulloa, conde de Monterrei, “en su palacio de Lalín” está probada documentalmente.

Como dixemos a súa destrución data de mediados do XIX, concretamente 1846. A casa na que se atopa a labra heráldica ten a data na zona posterior, que, casualmente, é a de 1847. Este feito, máis o propio alcume da casa “da Meiriña”, que nos leva a supor un antepasado que ocupou o cargo de meiriño da antiga xurisdición de Deza, cremos que contribúen a reforzar a hipótese do primitivo emprazamento da labra heráldica de Lalín de Arriba na desaparecida fortaleza de Lalín.



Situación relativa da Casa da Meiriña e da torre e fortaleza de Lalín

⁷ Lope Sánchez de Ulloa e, sobre todo Sancho Sánchez de Ulloa non citan nos testamentos ningunha fortaleza na terra, malia que o último deles inclúe unhas mandas á igrexa de Lalín, que se estaba a construír, polo que a relación co lugar era clara.